

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2016.

### **Asistentes:**

#### **Alcalde-Presidente:**

José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Vocais:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

#### **Secretario:**

D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo

#### **Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezaoto horas do día un de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### **A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 8 de xaneiro de 2016.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

### **B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

#### **B.1) SOLICITUDE DE D. JAVIER MARTINEZ PERNAS E ANA RUBAL VAZQUEZ RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA EN CTRA. XOVE-A ROCHA. PROXECTO BASICO E DE EXECUCION**

Vista solicitude formulada por D. Javier Martínez Pernas con D.N.I nº: 34.880.432-N e Ana Rubal Vázquez con NIF 34.881.806-Y con domicilio en c/ Acceso Apeadero, 20 4º D (27870 Xove), para realización de vivenda unifamiliar composto de planta baixa e unha altura. Expediente: 4502/15

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *Situación: Carretera de Xove a Rocha.-XOVE.*
- *Ref. Catastral:27025A023001530000JE*
- *Ref. Catastral:27025A023001540000JS*
- *Polígono nº 23.-Parcela nº 153.*
- *Polígono nº 23.-Parcela nº 154*

1º.-A edificación que se pretende executar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo arquitecto Don Francisco J. Hermida Trastoy, sitúase dentro da área delimitada como SOLO URBAN. ORDENANZA O-4.1, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012.

2º. -No proxecto, xustifícase, no seu apartado 1.3 da Memoria urbanística, o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de localización 01, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa urbanística.

3º.-Acompáñase anexo a memoria do proxecto no que se xustifica o cumprimento das condicións de habitabilidade do decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.(NHV-2010)

Cuadro comparativo dos diferentes apartados a cumprir, cos seus articulados e conceptos.

4º. -No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:

-Cumprimento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (DB-SI)

-Cumprimento e xustificación do DB de seguridade de utilización e accesibilidade. (DB-SUA).

-Cumprimento del DB-SE. Seguridade estrutural.

-cumprimento do DB-HS.Salubridad.

-Cumprimento e xustificación do DB de enerxía. (DB-HE).

*-Cumprimento e xustificación do HR Protección fronte al ruído.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *En proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais a rede xeral do saneamento municipal, así como o abastecemento de auga potable, igualmente da rede municipal, polo que previo á concesión da licenza de primeira utilización, deberase garantir ter resoltos os servizos básicos da edificación.*
- *Previo ao inicio das obras, achegarase a correspondente documentación dos técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, así como o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das obras.*
- *Achegarase igualmente a cédula de identificación catastral da parcela, ou a súa escritura.*
- *Os devanditos documentos achegaranse conxuntamente co proxecto de execución e para os efectos de comprobación conxunta coa acta de reformulo previo ao inicio das obras.*
- *Recórdase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deberá cumprirse con todos os seus datos:*
  - *Parámetros urbanísticos aplicables.*
  - *Promotor das obras, construtor.*
  - *Nº de expediente de licenza.*
  - *Data de inicio e finalización das obras.*
  - *Técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico.*
  - *Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente licenza de primeira utilización de acordo co artigo 195.6 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro.LOUG.*
- *Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais se refire como a normativa correspondente.*
- *Os retranqueos a vial, axustaranse ao previsto no sistema viario, do P.X.O.M en vigor no Concello de Xove.*
- *Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade, tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.*
- *A posible instalación de grúa para a execución das obras deberá dispoñer de licenza de obra independente, coa achega documental correspondente.*
- *Coa achega do Proxecto de Execución achégase o Estudio Básico de Seguridade e Saúde, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.*
- *Co Proxecto de Execución e Acta de reformulo, deberase dar así mesmo da empresa construtora das obras co seu c.i.f e dirección correspondente antes do escomenzo das obras.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio publico en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización, coa achega dos documentos técnicos correspondentes, e de acordo co Artigo 195.6 da Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.*
- *Así mesmo antes do inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, deberanse reflexar as áreas de cesión por retranqueo de aliñacións, pasando a devandita cesión a ser espazo de dominio publico, e que quedará reflectido na correspondente acta de conformidade do reformulo, por parte do promotor.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 40.832,92€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 816,66€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

## **B.2) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup>. MARIA TERESA PEÑA CASTRO RELATIVO A CONSTRUCCION DE UN ANEXO A VIVIENDA UNIFAMILIAR CON DESTINO A COBERTIZO AUXILIAR EN CAMBA-XUANCES.**

Vista solicitude formulada por D.<sup>a</sup> María Teresa Peña Castro con D.N.I nº: 33.998.116-E con domicilio en Camba Nº 27 (27870 Xove), para realización de obras de construción de un anexo a vivenda unifamiliar con destino a cobertizo auxiliar en Camba Nº 27.-Xuances-Xove.- Expediente:138/16 .-Ref.Catastral: 27025A021008230001KB .- Polígono nº 21.-Parcela 823

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo De Núcleo Rural En Zona De Expansión, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012.Núcleo rural de Camba-Cruceiro*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3 e 1.2.4 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUG para a realización do galpón auxiliar da edificación principal, que se pretende.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación principal.
- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación principal e o seu e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación. (LOUG).
- A cuberta do cobertizo deberá ser de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da parcela, e poder constatar o seu estado definitivo da edificación unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.848,40€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 76,97€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **B.3) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> ANA ABEL MIGUEZ EIJO RELATIVO A AMPLIACION E REHABILITACION DE COBERTIZO EXISTENTE PARA USO AGROPECUARIO EN CANALEDO.-AS SILVAS Nº 2.-XOVE.**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> Ana Abel Míguez con D.N.I nº: 77.593.594-N con domicilio en c/ Babilonia, 17 2º C (15179 Santa Cruz - Oleiros), para realización de obras de ampliación y rehabilitación de cobertizo existente en Canaledo, 2 Rigueira.

Expediente: 4419/15.- Ref.catastral: 27025A048003350000JR.- Polígono nº 48.-Parcela nº 335

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que

- *De acordo coa documentación que se achega, asinado polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. Tomás Rodríguez Rapa, colegiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro dun área delimitada como SOLO RUSTICO DE PROTECCION AGROPECUARIA, artigo 32.2.A da LOUG, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3. correspondente a ficha das condicións urbanísticas, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUG para a edificación que se pretende levar a cabo.*
- *Ao abeiro do artigo 33.2.b da LOUG, trátase dunha edificación e instalación destinada ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou crie animais e instalacións apícolas, polo que se pode outorgar licenza directa municipal.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *A edificación que se pretende executarase de acordo co previsto no artigo 42 e según as condicións adicionais para outras actividades construtivas non residencias, artigo 44 da LOUG.*
- *As obras de ampliación faranse de acordo co previsto nº artigo 41 da LOUG nos seus apartados a e b así como o apartado c no que a su actividade se refire que terá que manterse o mesmo uso actual.*
- *Unha vez rematados os traballos correspondentes a nave, os accesos e o seu entorno deberán quedar en perfecto estado de servizo tanto no que a propia limpeza do vial se refire como do afirmado do devandito vial.*
- *As obras que se pretenden, no que á súa execución se refire e a os materiais a empregar, adaptaranse en todo ó previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44 desta Lei.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado Memoria urbanística; xustifícase o cumprimento da Normativa para a construción da edificación que se pretende levar a cabo, así como a solución dos servizos de infraestruturas básicas das instalacións no anexo presentado a memoria do proxecto.*
- *Respetarase a tipoloxía da edificación con respecto do ámbito no que se atopa, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.*

- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa constructora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a corresponde ACTA DE REFORMULO.*
- *Unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de construción, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, se deberá solicitar a correspondente LICENCIA DE PRIMEIRA UTILIZACION, para a actividade agropecuaria que se pretende desenrolar nestas instalacións.*
- *De acordo co exposto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.*

2º) A presente licenza outógase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 9.097,55€- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 181,95€-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

#### **B.4) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS “EDIFICIO JULIA” RELATIVO Á RENOVACION DA CUBERTA CON CAMBIO DE PIZARRA EN C/AGRAMONTE Nº 13 XOVE**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> Dolores Gomez Pernas con DNI-33.831.486 G en representación da Comunidade de Propietarios do Edificio Julia con NIF H27377456 y con domicilio en c/ Agramonte-A 13 (27870 Xove), para realización de obras de renovación da cuberta con cambio de pizarra. Ref.Catastral: 0483013PJ2308S.- Expediente:134/16

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa Colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO URBAN DO NUCLEO DE XOVE.-ORDENANZA O-3, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.5 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a edificación na que se pretende arranxar a súa cuberta e fachada.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación agás os elementos sustentantes da cuberta.*
- *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación. (LOUG).*

- *A cuberta deberá ser de pizarra.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa constructora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 20.502,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 410,04€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

#### **B.5) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> LAURA LEO PRIETO RELATIVO A HABILITACION DUN LOCAL EN PLANTA BAIXA CON DESTINO A ESTABLECEMENTO DE VENTA MINORISTA DE PEIXE EN AVDA. DIPUTACION-XOVE.**

Vista solicitude formulada por D. Laura Leo Prieto con D.N.I nº: 32.712.503-V con domicilio en C/Avda Diputación Nº 76.- Baixo.- (27870 Xove), para realización de obras de habilitación dun local en planta baixa con destino a establecemento de venta minorista de peixe.

Expediente: 4381/15

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

*De acordo coa documentación que se acompaña, subscrita pola interesada, así como ao correspondente plano de localización coa situación do local, e da Normativa en vigor, (P.X.O.M do Concello de Xove aprobado ó 12-06-2012 e publicado no B.O.P de fecha 14-07-2012), na área en que se encrava a edificación, cúa habilitación interior se pretende levar a cabo para a venta de pescado, a mesma, atópase encravada, no solo urbán de Xove, dentro da área delimitada como:*

*Edificación Residencial. Ordenanza.(O-1).*

*Na memoria valorada do proxecto presentado, asinado polo arquitecto Don José Díaz López, colexiado nº 750, no seu apartado 1.2 Cumprimento das Condicións urbanísticas, xustifícase o cumprimento da Normativa para os arranxos previstos para o desenrolo da actividade de frutería.*

*No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:*

- Seguridade en caso de incendio (DB-SI)
- Seguridade de utilización e accesibilidade.DB-SUA.
- Salubridade. DB-HS.
- Protección fronte a ruidos.DB-HR.

*En proxecto xustifícase o cumprimento das diferentes normativas afectas a este tipo de actividade.*

*Na data 15 de decembro de 2015 tivo entrada nestas dependencias municipais, con rexistro de entrada 4381, o preceptivo informe da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación dando resolución favorable do expediente 21646 con informe favorable para levar a cabo as obras que se pretenden para desenrolar a actividade de PESCADERIA.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizadas as instalacións efectuouse por parte do técnico que suscribe a correspondente visita de comprobación para a obtención da licenza de apertura da actividade.*
- *De acordo cos apartados anteriores e a resultados do proxecto presentado, e tendo en conta que as obras que se pretenden executar cumpren coas normativas correspondentes;*
- *Infórmase favorablemente as obras que se solicitan, debendo solicitarse a pertinente licenza de apertura unha vez rematados os traballos e posta en servizo a actividade de pescadería e xirada a visita de comprobación correspondente, por parte dos servizos técnicos municipais.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 10.123,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 202,46€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 ANOS para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

#### **B.6) SOLICITUDE DE D.<sup>a</sup> LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA SITA EN C/ APEADERO S/N.-XOVE.(LUGO).**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> Lourdes Domínguez Bermudez con D.N.I. nº33.302.107-Q con domicilio en C/ Apeadero S/N.-Xove na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar composta de sotano, planta baixa e unha altura sita en c/ Apeadero s/n.-Xove. Expediente: 29/16 .-Ref.Catastral: 0380050PJ2308S0001BF

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

- ***Obra prevista en proxecto:*** Construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de C/ Acceso Apeadero s/n no núcleo urbán de Xove. Vivenda unifamiliar composta de SÓTANO, PLANTA BAIXA E UNHA ALTURA para unha vivenda.
- ***Obra executada:*** Vivenda unifamiliar con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.
- *A execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia. A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de Aplicación. –Solo Urban., –Ordenanza O-4.1.- A obra executada, adáptase a Normativa vigor P.X.O.M. -*
- *A Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e acabada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.*
- *Presuposto proxecto de execución - liquidación final: 26.972,15€*
- *Valoración Licenza Primeira Utilización 0,5% .....134,86€*
- *Liquidación Total.....134,86€*
- *Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.*

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en C/ Apeadero S/N.-Xove que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 134,86€

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

### **B.7) SOLICITUDE DE D. ANTONIO PELAYO GIL-GARCEDO GARRIDO PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA SITA EN CERANZOS Nº 61-B.-XUANCES.-XOVE.(LUGO).**

Vista solicitude formulada por D. Antonio Pelayo Gil-Garcedo con D.N.I. nº09434194P con domicilio en Avda. Ramón Canosa, 3 5º (27863 Celeiro-Viveiro) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda sita en Ceranzos Nº 61-B.-Xuances.-Xove.(Lugo). Expediente: 265/16 .-Ref.catastral:27025A015001950000JF

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

- **Obra Prevista En Proxecto:** Construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Ceranzos.-Xuances.-Xove.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa para unha vivenda.
- **Obra Executada:** Vivenda unifamiliar composta dunha planta baixa para vivenda, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.
- A execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.
- volume e superficie da obra executada, de acordo co inspección efectuada e a documentación presentada, é perfectamente admisible coa vixente Normativa urbanística do P.X.O.M.
- De acordo co proxecto, apórtase o porcentaxe preceptivo da demanda de ACS por medio de enerxía renovable, (mediante termochimenea que alimenta o ACS9).
- En cumprimento do DB-HE-4 para a produción de auga quente, non fará falla aportación de porcentaxe preceptivo da demanda con incorporación de paneis de enerxía solar térmica, xa que se resolve mediante enerxía renovable.
- A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove.-Ordenanza de aplicación. -Solo de Núcleo Rural Zona Tradicional. -A obra executada, adáptase a Normativa vigor P.X.O.M. -Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e acabada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza De Primeira Utilización.
- Presuposto proxecto de execución - liquidación final:.....49.091,00€
- Valoración licenza primeira utilización 0,5% S/119.824,73€ .....245,46€
- Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Ceranzos Nº 61-B.-Xuances que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.



